



san roque

DESDE 1698

As festas que queremos

PROGRAMACIÓN | 6 AGOSTO - 11 SETEMBRO 2016



Concello de
Vilagarcía



de Arousa

Con todos, para todos

Un ano máis, as festas de San Roque xa están aquí. Pero este non é un ano calquera. Neste 2016 cúmprese 10 anos da declaración das nosas festas como de interese turístico nacional, pero tamén 150 anos do primeiro Combate Naval, hoxe por hoxe o principal festival pirotécnico de Galicia. Os vilagarcianos estamos, pois, de aniversario. E temos que celebralo, pero sobre todo compartirlo. Porque esta é a esencia das festas de San Roque: unha expresión dunha forma de ser, de talento local, de orgullo cidadán. Que hoxe as festas teñan a declaración de interese turístico nacional só se explica porque os vilagarcianos foron quen, xeración tras xeración, de facelo cada día mellor, do mesmo xeito que a pervivencia e éxito do Combate Naval só pode entenderse dende a perspectiva da carreira de relevos que é a evolución da cidade, adaptándose aos novos tempos pero respectando sempre a tradición.

O resultado está a vista: animación de rúa, espectáculos para todos os públicos, concertos gratuitos, cine, cabaret, clown, folclore, gastronomía, diversidade, solidariedade... Isto, e moito más, é San Roque 2016. Como hai 150 anos, como hai dez, como sempre: as festas que queremos. Con todos e para todos.



Alberto Varela Paz
Alcalde-presidente de Vilagarcía de Arousa




■ SÁBADO 6 DE AGOSTO

I 10:00 -14:00 – Praza de Galicia

Promoción
Festa da Auga 2016

Promoción da imaxe e venda de camisetas



■ SÁBADO 6 DE AGOSTO

| 21:00 – Igrexa de Vistalegre

Orquesta de Cámara Galega

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Fundada en 1995 por iniciativa de Rogelio Groba Otero, director-concertino, e Clara Groba, violoncelo principal e solista, e integrada por músicos formados en diversos conservatorios europeos. Desenvolveu unha intensa actividade

que lle levou a interpretar un amplio repertorio que abarca desde o barroco ata os nosos días. Na súa traxectoria ten actuado nas principais salas de España, ademais de Viena, Nova Iorque, Bos Aires ou Amsterdam.

FESTICLOWN

DOMINGO 7 DE AGOSTO

■ 12:00 - Centro Cultural

do Sixto- Solobeira

Festiclown nas Parroquias

PETER PUNK

Con máis de 800 funcións, Peter Punk é un dos clowns galegos de referencia, cun humor gamberro e fresco sen igual.

■ 20:30 - Praza do Souto - Rubiáns

Festiclown nas Parroquias

PETER PUNK



LUNS 8 DE AGOSTO

■ 12:00 - Centro Sociocultural de Bamio

Festiclown nas Parroquias

FRAN REI: "A HISTORIA DE BRANCAFLOR"

Unha fermosa historia de amor entre Brancaflor e Xan á que se opón con decidida firmeza o malvado pai da rapaza. Como non podía ser doutro xeito, a narración vén ilustrada con diversos xogos de maxia, que reforzan a comprensión do conto e, sobre todo, fan máis atractivo e interactivo o espectáculo.

■ 19:00 - Campo da Festa de Trabancas Sardiñeira

Festiclown nas Parroquias

FRAN REI: "A HISTORIA DE BRANCAFLOR"

LUNS 8 DE AGOSTO

22:00 - Xardín de Ravella

Fantasio na rúa

PROXECCIÓN INFANTIL:
LA OVEJA SHAUN (2015)

Cando Shaun decide tomarse o día libre e divertirse un pouco, atópase con que vai ter máis acción do que esperaba. As súas trastadas logran que se leven ao granxeiro, así que Shaun e o rebaño han de viaxar á Gran Cidade para rescatalo. Atopará Shaun ao granxeiro nese mundo estranxo e descoñecido da cidade antes de que se perda para sempre? Nomeada á mellor longametraxe de animación en 2015 nos premios Óscar, Bafta, Globos de Ouro e Cine Europeo.



MARTES 9 DE AGOSTO

22:00 - Xardín de Ravella

Fantasio na rúa

PROXECCIÓN INFANTIL:
HOTEL TRANSILVANIA 2 (2015)



Todo parece mellorar no Hotel Transilvania. A ríxida norma establecida por Drácula de “só para monstros” suprimiuose e acéptanse tamén hóspedes humanos. O que preocupa ao conde é que o seu adorable neto Dennis, medio humano e medio vampiro, non dea sinal algúna de vampirismo. Aproveitando que Mavis foi visitar aos seus sogros humanos, Drácula recruta aos seus amigos Frank, Murray, Wayne e Griffin para facer que Dennis pase por un campamento de “adestramento de monstros”.



MÉRCORES 10 DE AGOSTO

**20:00 – Estadio municipal de A Lomba
Trofeo San Roque de fútbol**


Encontro entre o Arousa SC
e o Celta de Vigo “B”.

**20:30 – Praza de España
LXII Mesa das Verbas**

**22:00 - Xardín de Ravella
Fantasio na rúa**
PROXECCIÓN INFANTIL:
PIXELS (2015)

Uns extraterrestres malinterpretan as imaxes das máquinas recreativas como unha declaración de guerra e deciden atacar a Terra, empregando antigos xogos como modelos para o asalto. O presidente de Estados Unidos recorre entón ao seu gran amigo da infancia e campión das maquinitas dos anos 80 para encabezar un equipo de expertos xogadores da súa época. A súa misión será derrotar aos alieníxenras e salvar ao planeta.

FESTICLOWN



PETER PUNK

XOVES 11 DE AGOSTO

| 11:00 – Hospital do Salnés

Festiclown – Social

Visita de Pallasos en Rebeldía aos ingresados no centro hospitalario. Artistas: Pablo Muñoz e Peter Punk.

| 12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown Desclowntrol nas rúas

TRÍO REFUGALLO: "RITMO REFUGALLO"

A animación toma as rúas da vila con Trío Refugallo, unha nova proposta da man de membros de Odaiko e A Magnifique Bande dos Homes sen Medo que mestura clown, música sobre instrumentos feitos a partir de materiais de refugallo, participación e interacción co público. Un novo concepto de pasarrúas que espalla risa e ritmo.

| 20:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown Desclowntrol nas rúas

TRÍO REFUGALLO: "RITMO REFUGALLO"



José Ramón Alonso de la Torre
PREGOEIRO

| 20:30 – Casa Consistorial

Pregón

A cargo de **José Ramón Alonso de la Torre**, xornalista e profesor.

| 21:00 - Praza de España

Ofrenda Floral ao santo

Logo da lectura do pregón, agrupacións sociais, culturais e musicais participarán nun desfile que culminará diante da igrexa parroquial onde farán a súa ofrenda floral ao patrón.

■ XOVES 11 DE AGOSTO

I 23:00 – Parque da Xunqueira
Hombres G en concerto

A lexendaria banda dos oitenta liderada por David Summers hai anos que decidiu volver aos escenarios e o fixo como sempre, cunha lexión de seguidores detrás. O seu pop desenfadado e sen complexos segue gustando a distintas xeracións. “Venezia”, “La cagaste, Burt Lancaster”, “Estamos locos, o qué?” ou “Devuélveme a mi chica”, co seu xa mítico estribillo “sufre, mamón”, forman xa parte da cultura popular das últimas décadas. Con más de trinta anos de bagaxe musical detrás, o título do seu disco-homenaxe, “Voy a pasármelo bien” é a mellor tarxeta de presentación para o seu concerto no parque da Xunqueira.



Entrada gratuita.



VENRES 12 DE AGOSTO



10:00 – 14:00 e 16:00 – 20:00
Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: HUMOR PARA TORPES

Docente: **Joan Estrader**. Prezo: 60€. (8h)

11:00 – Auditorio Municipal

Festiclown

INAUGURACIÓN EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

PALLASOS EN REBELDÍA EN IDOMENI

11:00 – 14:30 | 18:00 – 23:00

Praza da II República

11ª Feira de oportunidades Expoferta Zona Aberta 2016

Inauguración ás 11:00

Organiza: Asociación de comerciantes Zona Aberta

12:00 – Rúas de Vilagarcía
Festiclown
Desclowntrol nas rúas
TRÍO REFUGALLO: "RITMO REFUGALLO"

12:30 - Rúas de Vilagarcía

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS GARANDOIRO DE BAMIO

13:00 – Praza de Ravella

Festiclown – Superroquiños

PABLO GOOD IDEA: "PABLO SUPERSTAR COOL"

Pablo "Good Idea" Muñoz dá unha lección maxistral de como debe comportarse un "superstar" no escenario, creando situacionés tan absurdas como divertidas e interactivas co público, combinan do clown e maxia.



**I 20:00 - Rúa García Caamaño
Desfile de Traxe Tradicional
Galego**

A Asociación TDAH SALNÉS organiza un desfile co obxecto de recadar fondos para a creación dunha beca de Terapia e Formación para os nenos e nenas afectados polo trastorno de déficit de atención con hiperactividade (Tdh), dislexia e outros trastornos da aprendizaxe. Participan diversos colectivos da cidade e doutros municipios. Ao remate do desfile se realizará unha tómbola con produtos e artigos doados por particulares, empresas, asociacións e entidades.

**I 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina
Valentín Viqueira
Festiclown
Certamen Intergaláctico
PABLO GOOD IDEA: "PABLO SUPERSTAR COOL"**

**I 20:30 - Rúas de Vilagarcía
Pasacalle
GRUPO DE GAITAS MAR DE AROUSA
DE BAMIO**



**I 21:30 Praza de Galicia
Festiclown
Mostra Internacional
ROJO TELÓN. "SOY ELLAS"**

A compañía propón unha viaxe emocional íntima mais divertida de tres mulleres que se atopan no mesmo camiño e deciden seguir xuntas a viaxe.

Poesía corporal, a través de elementos aéreos (trapecio triplo, teas...) e acrobacias de chan e verticais, que xerarán imaxes de moita forza visual e significativa, combinadas co clown.

**I 22:30 - Avda. da Mariña
Verbena popular
ORQUESTRA OLYMPUS**

VENRES 12 DE AGOSTO

23:00 - Parque da Xunqueira **Concerto: Sondeseu**

Froito dunha experiencia didáctica levada a cabo no Departamento de Música Tradicional e Folk da Escola de Artes e Oficios de Vigo (actual ETRAD), nace Sondeseu como a primeira orquestra estable de Europa con repertorio folk: unha formación de corenta músicos que interpretan música tradicional de Galicia arranxada especificamente para una ampla variedade de instrumentos: zanfonas, arpas, gaitas, voces, percusións, violíns, bouzoukis, contrabaixo e requintas. Sondeseu ten en Rodrigo Romaní ao seu director executivo. Fundador e ex-compoñente de Milladoiro, co que publicou dezaseis discos —que hai que unir tres en solitario, Romaní— fundador e director da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional de Vigo, coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia e produtor de Susana Seivane e Treixadura.

Entrada gratuita.



— ORQUESTA FOLK —
SONDESEU
∞



SÁBADO 13 DE AGOSTO

| 10:00 - 14:00 e 16:00 - 20:00 Auditorio

Formaclown

CURSO: QUÉ ES EL CLOWN?

Docente: **Laura Mandarina**. Prezo: 60€. (8h)

| 11:00 – Salón García

Festiclown-Social

Compañía Asociación Andaina

ROMEO E XULIETA

Entrada de balde ata completar aforo.
A Asociación Andaina Pro Saúde Mental pon
en escena a súa versión de “Romeo e Xulieta”,
dirixida por Fran Rei.

| 11:00 – 14:30 | 18:00 – 23:00

Explanada do Auditorio

11ª Feira de oportunidades, Expoferta Zona Aberta 2016

Organiza: Asoc. de comerciantes Zona Aberta

| 12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown

DESCLOWNTROL

NAS RÚAS

Trío Refugallo:

“Ritmo Refugallo”

| 12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS

SAN PEDRO DE CEA



| 13:00 – Rúa Castelao

Festiclown

Superroquiños

DJUGGLEDY: “EL DIÁBOLO”

Este “tolo guiri alemán” presenta
un número con 1, 2, 3... moitos diábolos!
Con moita risa, música e enerxía positiva.



DJUGGLEDY



■ 18:00 – Alameda de Carril

XXI Concurso da Ameixa Cociñada XXIV FESTA DA AMEIXA DO CARRIL 2016

Coa actuación de Airiños do Carril.

Premios: 1º, 1.000 euros e diploma; 2º, 500 euros e diploma; e 3º, 250 euros e diploma.

■ 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina
Valentín Viqueira

Festiclown

Certamen Intergaláctico

DJUGGLEDY: "EL DIÁBOLO"

■ 20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS E BAILE A NOSA SRA.
DA XUNQUEIRA

■ 21:30 – Salón García

Festiclown - Gala Solidaria

Organiza: Pallasos en Rebeldía

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com ou no Tlf: 902044226, e no mesmo día da actuación no Salón García a partir das 19:30h. Entrada Solidaria: 5€. Existe Fila 0.

Da desoladora experiencia dos campos de Idomeni, na fronteira heleno-macedonia, ou Calais, en Francia, Pallasos en Rebeldía trouxo más ganas de loitar por seguir derrubando coa risa e a humanidade muros deinxustiza.

No marco do Festiclown 2016, Pallasos en Rebeldía organiza unha gala solidaria que contará con artistas e compañías de renome nacional e internacional no ámbito do clown e o circo.



PETER PUNK

■ SÁBADO 13 DE AGOSTO

I 23:00 – Parque da Xunqueira
Concerto: Burning
"VIVO Y SALVAJE TOUR"

Burning levan mais de corenta anos no candeiro. Sobreviviron ás súas traxedias persoais e aos cambios propios da música. Sen querelo, colocaron as primeiras pedras da tráxica lenda nacional do rock e escribiron os primeiros himnos da mesma. A música de Burning é canallesca, castiza, chulesca e nostálgica. O seu verbo fácil, a súa mirada turbia e o cheiro a fume son, para calquera alma sensible, un "déjà-vu". Exercicios de nostalxia que rememoran unha escena non vivida senón por vivir. Quizais de aí o título da súa xira: "Vivo e salvaxe".

Burning son Johnny Burning (voz e teclados), Eduardo Pinilla (guitarra), Carlos Guardado (baixo), Kacho Casal (batería), Nico Alvarez (guitarra) e Miguel Slingluff (saxo).

Entrada gratuita.



Burning





DOMINGO 14 DE AGOSTO

■ 10:00 - Barrio de San Roque

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS TERRIBLES
DE AROUSA

■ 10:00 – 14:00 e 16:00 – 20:00

Auditorio Municipal

Formaclown

CURSO: INTRODUCCIÓN Á MAXIA CÓMICA

Docente: **Pablo Muñoz**. Prezo: 60€. (8h)



■ 11:00 – Auditorio Municipal

Festiclown-Social

CHARLA: NATALIA OUTEIRO

“Pajarito” Ten Xénero o Clown?

A pallasa Natalia Outeiro “Pajarito” achegará un debate sobre o xénero no mundo do clown, e as posibilidades empoderadoras do mesmo.

■ 11:00 – 14:30 | 18:00 – 23:00

Praza da II República

11ª Feira de oportunidades EXPOFERTA ZONA ABERTA 2016

Organiza: Asoc.de comerciantes Zona Aberta



■ 11:45 – Alameda de Carril

XXIV Festa da Ameixa do Carril 2016

Recepción das autoridades e membros da Orde da Ameixa na
Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Carril.

Pasacalle a cargo dos grupos de gaitas Malveiras e Xirifeiros
do Carril.

Ás 12:00 h terá lugar a lectura do pregón a cargo
do humorista, actor e presentador **Javier Veiga**
(El Club de la Comedia).

A continuación o nomeamento de cabaleiros e
donas da Orde da Ameixa e degustación popular.



JAVIER VEIGA

■ DOMINGO 14 DE AGOSTO

■ 12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO FOLCLÓRICO MOCIDADE DA TORRE.



■ 13:00 - Praza do Castro

Festiclown - Superroquiños

GHAZAFELLOS: "AS MIL E UNHA NOITES"

Desde o afastado Oriente veñen a contar a historia de Sherezade e de como o seu enxeño a salvou dun dos sultáns más desapiadados de toda Persia: As mil e unha noites!!!

■ 18:00 - Porto de Carril

Regata de traíñas

II BANDEIRA PARQUISTAS DE CARRIL

XXIV FESTA DA AMEIXA DO CARRIL ´ 16

Liga A, Liga B, Liga femenina galega.

Ao finalizar a regata, entrega de premios.

■ 20:00 - Rúa Rey Daviña, esquina Valentín Viqueira

Festiclown

Certame Intergaláctico

GHAZAFELLOS: "AS MIL E UNHA NOITES"

■ 20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS XIRIFEIROS DE CARRIL



■ 20:30 - Alameda de Carril

XXIV FESTA DA AMEIXA DO CARRIL ´ 16

ACTUACIÓN MUSICAL

Na carpa situada á carón da lonxa, actuación do grupo de rock "Versión B".

Degustación de ameixas ata ben entrada a noite.



| 21:30 – Salón García

Festiclown

Mostra Internacional

PEPE VIYUELA – “ENCERRONA”

Venda de entradas: anticipada en Ticketea.com ou no Tlf: 902044226, e no mesmo día da actuación no Salón García a partir das 19:30.

Entrada Solidaria: 5€. Existe Fila 0.

O pallaso presenta este seu clásico, onde con só unha escaleira, unha guitarra e unha cadeira, e toda a inocencia dun clown que se ten que enfrentar ao público, fará as delicias de grandes e pequenos. Pepe Viyuela é un dos cómicos más coñecidos do país (“Un, dos tres...”, “La Última aventura de Mortalelo y Filemón”, Chema na serie “Aída”). Premio Max ao mellor actor teatral de 2016 por “Rinoceronte”.



PEPE VIYUELA

■ DOMINGO 14 DE AGOSTO

| 23:00 – Parque da Xunqueira
Concerto: Carlos Jean

Carlos Jean Arriaga naceu o 15 de Xuño de 1973 en Ferrol e tras case 20 anos no mundo da música consolidouse na actualidade como un dos artistas de maior relevancia na industria musical española. Nomeado ata 9 veces aos Grammy e cun premio Ondas ao mellor DJ, a súa capacidade para entender e conxugar os diferentes mundos que conforman a industria, sempre á última nas tendencias musicais, fixeron del un dos creadores máis polifacéticos do panorama español.

Músico, cantante, produtor e Dj, Carlos Jean é, sen dúbida, unha das pezas chave do pasado, o presente e o futuro da música en España.

Entrada gratuíta.





CARLOS
JEAN

LUNS 15 DE AGOSTO

■ 10:00 - 14:00 e 16:00 -20:00
Praza da Peixería

Formaclown

CURSO: ZANCOS, ANIMACIÓN E MOVEMENTO
Docente: **Vanessa Rivas**. Prezo: 60€. (8h)

■ A partir das 10:00 Barrio de San Roque
San Roquiño o Pequeno

■ 10:00 - Barrio de San Roque
Pasacalle

OS TERRIBLES DE AROUSA E A COMPARSA
DE XIGANTES

■ 11:30 - Barrio de San Roque
Misa de San Roquiño


CANTADA POLA CORAL STA. EULALIA

■ 12:30 - Rúas da cidade
Pasacalle

GRUPO DE GAITAS STA. PLÁCIDA DE RUBIÁNS

■ 12:30 - Barrio de San Roque
Procesión San Roquiño

Acompañada da Banda de Música e Os
Terribles de Arousa. Ao final, e como é tradicio-
nal, haberá reparto de viño e empanada.



MUSICOLOCO



■ 13:00 – Rúa Castelao

Festiclown – Superroquiños

FUMAN: “MUSICOLOCO”

O artista do momento! Despois de “petalo” nas
redes sociais co vídeo deste número, combinación
impecable de música e malabares, Fuman chega
ás rúas vilagarcías disposto a dalo todo.

■ 20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina
Valentín Viqueira

Festiclown Certame intergaláctico

FUMAN: “MUSICOLOCO”

■ 20:30 - Rúas da cidade
Pasacalle

GRUPO DE GAITAS EMBRUXO DE GUILLÁN

■ 22:30 Barrio de San Roque
Verbena Popular

Amenizada polos “Tres Latinos” e o dúo “La
Clave”.

I 23:00 – Paseo Elpidio Villaverde

Concerto: Manuela Kant

Manuela Kant é unha banda de contrastes:

harmónica e agresiva, mestura o folclore, a música americana, o pop, o rock progresivo e a electrónica.

Se o primeiro disco, "Capitol Pilot", podía lembrar ao pop rock dos 90, "Exército de amantes" é máis eléctrico, americano e roqueiro, sempre marcado polas voces das súas cantantes e letristas, a vilagarciana Vicky Longa e a barcelonesa Aina Godoy.



I 23:00 – Paseo Elpidio Villaverde

Concerto: Nacho Pérez & los Chacales



Esta banda arousá de rock 'n' roll, influenciada polo blues, o funk e o rock 'n' roll dos 50, 60 ou 70, presentará o seu primeiro disco. Está composta por: Nacho Pérez (voz/ guitarra), Juansy Santomé (baixo/ coros), Iago Fernández (batería/ coros), Javier Pereiro "Gdjazz" (trompeta) e Toño Otero (saxo).



VILAGARCÍA DE AROUSA
SAN ROQUE
FESTA
da AUGA
2016 16 AGOSTO

FESTA
DA
AUGA

MARTES 16 DE AGOSTO

| 11:45 - Praza de España

Traslado de San Roque

Dende a Igrexa parroquial (Praza de España) á Capela de San Roque.

| 12:00 - Zona húmida

Festa da Auga

Logo do pregón, nunha grúa e caldeiro na man, comeza a multitudinaria Festa da Auga.

| 12:00 – Rúas de Vilagarcía

Festiclown

DESCLOWNTROL NAS RÚAS

Festiclown na Festa da Auga

| 12:30 – 14:30 – Praza de Ravella

O Club dos Superroquiños na Festa da Auga

Animación infantil con inchables, tobogáns, monitores... e moita auga. En colaboración coa Asociación de Comerciantes Zona Aberta.



| 20:30

Procesión de San Roque

Saída da Capela de San Roque, Rúa San Roque, Praza da Independencia, Padre Feijoo, Praza de Galicia, Valentín Viqueira, Avda. da Mariña, Conde Vallellano, Arcebispo Lago, Rúa Brandariz, Rúa Castelao, Xeral Pardiñas, Covadonga, Praza de España.

CONSELLOS DE SEGURIDADE

Procure levar calzado cómodo e pechado que evite deslizamentos na rúa e roupa pouco pesada.

Evite levar teléfonos móbiles e cartos en formato billete, porque pode perderlos co impacto da auga.

Lembre que nos pasos de peóns e pavimentos pintados é doado esvarar ao estar molladas.

Rexeite utilizar recipientes de cristal ou similar, porque poden escachar no chan e dar lugar a cortes.

Non colla auga acumulada do chan, xa que pode conter area ou outros líquidos e mancar os ollos.

Respete a "zona húmida".

En caso de calquera accidente diríxase ao postos de socorrista da área festiva, ou chame ao número

Non introduza vehículos a motor na zona húmida.

EMERXENCIAS: 112

Grazas pola súa colaboración.

IMPORTANTE: Lembre que a Festa da Auga comeza unha vez que o Santo está na capela. Por favor, respete a subida en procesión e non tire auga no percorrido.



■ MARTES 16 DE AGOSTO



21:30 – Salón García

Festiclown

Mostra Internacional

LEO BASSI "THE BEST OF"

Venda de entradas: anticipada en [Ticketea.com](#) ou no Tlf: 902044226, e no mesmo día da actuación no Salón García a partir das 19:30. Entrada Solidaria: 5€. Existe Fila 0.

O mítico bufón italiano repasará o mellor da súa carreira nun espectáculo de hora e media no que poderemos gozar co herdeiro dunha estirpe de pallasos que fixo da risa unha arma pacífica para o cambio social e político.

22:00 - Praza de Galicia



Noite de Boleros

GRUPO DE ACORDEÓNS AROSA BAY

Arosa Bay era o nome co que os mariños ingleses coñecían a nosa ría. Hai tres anos, un grupo de exalumnos de acordeón da Escola de Música, máis dúas guitarras, un contrabaixo, e varias voces, crearon este grupo de acordeóns, baixo a dirección de Alfonso Galbán, que xa ten publicado un CD e trunfa ali onde actúa.

LEO BASSI

MÉRCORES 17 DE AGOSTO

10:00 – 14:00 e 16:00 – 20:00

Auditorio

Formaclown

Curso: Bufón

Docente: **Leo Bassi**. Prezo: 80€. (8h)

11:00 – Auditorio municipal

Festiclown-Social

COMPAÑÍA PALLASOS EN REBELDÍA
PROXECCIÓN E PALESTRA

Ademais da exposición sobre a experiencia no campo de Idomeni, e unha visita ao Hospital do Salnés, Pallasos en Rebeldía ofrece unha proxección e espazo de debate sobre as persoas refuxiadas.

13:00 – Parque da Xunqueira

Festiclown – Superroquiños

JAVI JAVICHY: “VELÓ COMO EL RAYO”

Malabares, diábolos, mazas ou pelotas son o fío conductor do traballo dun malabarista, que xoga coas reaccións do público e busca o risco sobre os cilindros.

20:00 – Rúa Rey Daviña, esquina

Valentín Viqueira

Festiclown - Certame intergaláctico

JAVI JAVICHY: “VELÓ COMO EL RAYO”

20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS XEADA DE CORNAZO

21:30 – Praza de Galicia

Festiclown- Mostra Internacional

KANBAHIOTA: “LA COQUETE”

Rosina Castelli e Abrahám Pavón achegan unha nova proposta de acrobacias aéreas con impresionantes rutinas de trapecio e aro, sen esquecer o humor e o clown.

22:30 Avda. da Mariña

Verbena popular

ORQUESTRA ABANICO

KANBAHIOTA



XOVES 18 DE AGOSTO

■ 12:00 a 21:00 – Praza da II República
Repsol Racing Tour

Repsol celebra case medio século participando nos deportes do motor unha exposición itinerante e interactiva na que os espectadores poden coñecer de preto as distintas disciplinas do equipo Repsol: Mundial de Motociclismo, Dakar, Trial, Automobilismo, Vuelo acrobático, etc.

Como extras, entre outras, está a moto coa que Marc Márquez gañou ou seu primeiro Mundial en MotoGP, un mono de competición de Dani Pedrosa e outros muchos elementos de pilotos que formaron parte da historia do Equipo Repsol. No exterior un circuito inchable permitirá aos más pequenos disputar competicións en motos de xoguete.

■ 12:30- Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS AIRIÑOS DO CARRIL

■ 20:30- Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS O SOUTO DE RUBIÁNS

■ 21:30 - Parque da Xunqueira

Danzabe

FESTIVAL EMBRUXO DE GUILLÁN

moeda vella

■ 23:00 - Praza de Galicia

Concerto: Moeda Vella

Moeda vella é unha nova aposte do folk galego formado por cinco músicos arousáns que contan cunha ampla experiencia na música folk e tradicional.

ESPECIAL

REUP nidadas




REVENIDAS16, o festival das lingua de Vilaxoán, conta con dous escenarios nun recinto pechado para os concertos de pago: o Escenario Mahou e o Escenario Rías Baixas. Ademais o festival ofrece un amplio espazo de acceso libre no entorno do porto, ao redor co

edificio da praza de Abastos e no parque de dona Concha, onde terán lugar as actividades de balde e para todos os públicos. O recinto pechado para os concertos de pago abrirá as portas a partir das 19 horas. Os concertos comenzarán a partir das 20 h.

VENRES 19

- | De 16 a 20 h. Parque de dona Concha
Recuncho Dub
- | A partir das 18 h. Parque dona Concha
Apertura da Feira Revenida
- | 20:50h. Escenario Turismo Rías Baixas
Brinkadelia Troupe
- | 20:00 h. Escenario Mahou
Poetarras
- | 22:00 h. Escenario Mahou
Gabriel o Pensador
Rap con humor e denuncia social, rock, pop, hip hop, reggae con referencias constantes á música e ritmos do Brasil.
- | 23:40h. Escenario Turismo Rías Baixas
Malandrómeda
- | 00: 45 h. Escenario Mahou
Juantxo Skalari & La Rude Band
- | 02:00h. Escenario Turismo Rías Baixas
Itaca Band
- | 03: 25 h. Escenario Mahou
Familia Caamagno
- | Escenario Turismo Rías Baixas
DJ Crebinsky



GABRIEL O PENSADOR

SÁBADO 20

- | A partir das 12h. Parque dona Concha
Feira Revenida
- | A partir das 13:00 h. e das 20:00 h.
Parque dona Concha
Sardiñada popular
- | Dende 13:30 h. Parque dona Concha.
Os Terribles de Arousa
- | De 16h. a 20 h. Recuncho Dub Rev16
Recuncho Dub
- | 16:00 h. Parque dona Concha
Fanfarria Taquikardia
- | 18:00 h. Parque dona Concha
Gala solidaria coas Refuxiados
Revenidas
- | 21:00h. Escenario Turismo Rías Baixas
O Sonoro Maxín

| 22:00 h. Escenario Mahou Fanfare Ciocarlia

Esta formación introduciu os ritmos balcánicos nos escenarios de medio mundo, convertendo cada concerto nunha festa memorable.

| 23:30h. Escenario Turismo Rías Baixas Falperrys

| 00:40 h. Escenario Mahou Talco

| 02:10h. Escenario Turismo Rías Baixas Aspencat

| 03:20 h. Escenario Mahou La Kimbala

| Escenario Turismo Rías Baixas DJ Pimp



FANFARE CIOCARLIA

DOMINGO 21

- | 12:00h. Parque dona Concha Xoubiñas Festi
- | 12:00 h. Parque dona Concha Feira Revenida
- | 18:00h. Escenario Turismo Rías Baixas Os Vacalouras
- | 18:35 h. Escenario Mahou Zoo
- | 20:40 h. Escenario Mahou Os Tres Trebóns
- | 21:40h. Escenario Turismo Rías Baixas DeLombaos
- | 22:25 h. Escenario Mahou La Raíz
- | 23:55h. Escenario Turismo Rías Baixas Cuchufellos
- | 00:30 h. Escenario Ezetaerre
- | 01:10 h. Escenario Mahou Russkaja

A banda de metal procedente de Viena, foi unha das sorpresas de Europa Central nos últimos anos. Fundada por Georgi Makazaria e formada por 7 membros austriacos e rusos, caracterízanse polos seus potentes directos.



VENRES 19 DE AGOSTO

12:00 a 21:00 – Praza da II República **Repsol Racing Tour**

Exposición e circuíto inchable

12:00 a 20:00 – Explanada de Fexdega **EnergyTruck**

MUSEO ITINERANTE DA FUNDACIÓN GAS NATURAL FENOSA

Co nome de Energytruck, a mostra deseñada polo Museo do Gas da Fundación Gas Natural Fenosa, escolleu a Vilagarcía xunto con outros municipios de España co obxectivo de achegar coñecementos relacionados coa enerxía, o medio ambiente e o patrimonio industrial dunha forma amena e interactiva e con actividades didácticas conducidas por educadores especializados.



12:00-14:00 – 17:00-21:00 - Alameda

Tráiler Gadis:

Vivamos como galegos!

Un ano máis, os tráiler de “Vivamos como galegos” chega a Vilagarcía para contaxiar o seu optimismo. Desta volta baixo o lema “Presumamos como galegos”. O tráiler estará acompañado de inchables para nenos, a Carpa Gadis con reparto de merchandising, a Caixiña (con cine para os máis pequenos) e a presenza do can de palleiro “Allo”.

12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS OS TRASNOS DE GUILLÁN

20:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN

23:00 – Parque da Xunqueira

“Música de sempre”

Actuación da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa con: Rosa Cedrón, Paco Lodeiro e Miguel Ladrón de Guevara.

SÁBADO 20 DE AGOSTO

I 11:30 - Augas do porto de Vilagarcía 48 Trofeo San Roque de Vela clase Snipe

Organizado polo Real Club de Regatas Galicia en colaboración coa Fundación de Deportes e o patrocinio da Empresa. III Gran Premio Presidente Ramiro Carregal.

I 12:00 a 21:00 - Praza da II República Repsol Racing Tour

Exposición e circuito inchable

I 12:00 Praza de Ravella XII Capítulo da Confraría do Viño Rías Baixas

Desfile cívico de Confrades Vinicogastronómicos, dende o Concello ata o Salón García.

I 12:15 Salón García Gran acto de nomeamento de Confrades e irmandamento de confrarías

I 12:30 - Rúas da cidade Pasacalle

GRUPO DE GAITAS NÓS DE SOBRADELO

I 20:30 - Rúas da cidade Pasacalle

GRUPO DE GAITAS FROALLO VILAGARCÍA

I 21:30 - Praza de Galicia Exhibición Bailes de Salón

CLUB DE BAILE DEPORTIVO "AL COMPÁS"
PROFESORES: ENMA LÓPEZ E DANIEL PINTOS

I 22:30 - Avda. da Mariña Verbena popular ORQUESTRA SUPERFAMA



CAMPIONATO DE VELA

SÁBADO 20 DE AGOSTO

I 24:00 – Praias da Concha-Compostela Combate Naval. ESPECTÁCULO PIROMUSICAL

O Combate Naval xurdiu en 1866 para rememorar o asedio da Armada Española, co almirante Méndez Núñez ao frente, ao porto do Callao, no Perú, o 2 de maio dese mesmo ano. O combate supuxo unha innovación nos fogos artificiais que dende décadas atrás se botaban coincidindo coas festas patronais de San Roque.

O que para uns foi un fito na historia naval de España e para outros un símbolo da independenza peruana, é hoxe, 150 anos despois, unha tradición que conta coa declaración de festa de interese turístico nacional e o recoñecemento de ser, probablemente, o mellor espectáculo pirotécnico de cantos se organizan en Galicia. Para celebralo, nesta ocasión o combate, deseñado pola Pirotecnica Penide, será sincronizado con música de Vangelis, Carl Orff ou Prince, entre outros. Varias torres de son distribuídas ao longo das praias da Concha e Compostela farán posíble o disfrute deste espectáculo piromusical único e irrepetible.





DOMINGO 21 DE AGOSTO



11:00 – Peirao de Pasaxeiros

34 Travesía a Nado do Porto de Vilagarcía

Organizado por lo Club Natación Vilagarcía en colaboración coa Fundación de Deportes.

11:30 – Augas do porto de Vilagarcía

48 Trofeo San Roque de Vela CLASE SNIPE

12:00 a 21:00 – Praza da II República

Repsol Racing Tour

Exposición e circuito inchable

12:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

GRUPO DE GAITAS MALVEIRAS DE CARRIL

20:00

Desfile de Carrozas

Música, folclore e animación de rúa acompañan o desfile que fecha as festas.

O percorrido comeza na Estación de Autobuses e continúa por Moreira Casal, Rosalía de Castro, Praza da Constitución, Juan Carlos I, Praza de Ravella, Gumersindo Nartallo, Praza da Independencia, Padre Feijoo, Praza de Galicia, Arcebispo Lago, Brandariz, Castelao, Covadonga e Praza de España/Vicente Risco, onde remata.

21:30 - Rúas da cidade

Pasacalle

CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA



■ VENRES 26 DE AGOSTO

■ 19:30 a 01:30 - Rúa Castor Sánchez

Círcito Verán Enroque Ahituvi

II TORNEO CASA SUMAY

Xornadas de Xadrez na rúa

Organiza: Club Xadrez Fontecarmoia

■ 21:00 - Auditorio Municipal

Noite de Danza

CENTRO DE DANZA GEMA PIZARRO

Entrada de balde ata completar aforo.

Danza clásica, moderna e contemporánea
unidas non só un espectáculo.



CENTRO DE DANZA GEMA PIZARRO

■ SÁBADO 27 DE AGOSTO

| 10:00 – 14:00

Praza de Galicia

Festa do Voluntariado



A praza de Galicia convértese nun lugar para a promoción do voluntariado social. Haberá exhibición canina (a cargo da Protectora de Animais e Plantas); manualidades con refugallo para nenos de 5 a 12 anos (Cruz Vermella); Lazos solidarios e obradoiro de chapas (Fundación Aldaba); obradoiros con adultos (Fundación Aldaba), Buzón da Solidariedade, animación, musica, simulacros (Protección Civil)...

| 22:00

Praza de Galicia

XX Encontro

Folclórico Malveiras



Organizado pola Asociación Cultural Malveiras, do Carril, coa participación do seu propio grupo de música e danza e as dúas agrupacións folclóricas convidadas: O Fiadeiro, de Vigo, e Trévede, do Morrazo. Asistencia libre.

NOITE DAS MEIGAS



| 22:30 a 02:00 Rúas e prazas da cidade
Noite das Meigas

Polas distintas rúas e prazas da cidade, inclúe a queima da meiga, acompañada de fogos artificiais.

VENRES 2/ SÁBADO 3 / DOMINGO 4 DE SETEMBRO

12:00 - 24:00 Parque Miguel Hernández



Organizada pola Asociación de Hostalería e Iniciativas Turísticas (Ahituvi), coa colaboración do Concello, o parque de Miguel Hernández acolle preto de vinte casetas doutros tantos bares que compiten por ofrecer as mellores tapas acompañadas de albariños e mencías.




DOMINGO 4 DE SETEMBRO

11:00 – Augas de Vilaxoán

53 Travesía a Nado do Porto de Vilaxoán

Organizado pola Asociación Marítima Cultural Vilaxoán, o Club Natación Vilagarcía e a Fundación de Deportes. A zona de competición abrangue dende o porto de Vilaxoán e a praia do Preguntoiro.





SÁB 10/ DOM 11 DE SETEMBRO

10:00 – 02:00

Praza da Liberdade / Praia da Covacha
Carril

Ameixa Rock

10:00

II Festa Fútbol Praia para nenos e nenas.

12:00

Visitas a Cortegada e aluguer de kaiaks.

16:00

I Olimpiadas da Ameixa (xogos populares infantís).

17:00

Visitas a Cortegada e aluguer kaiaks.

19:00

Actuación de "Os Sete Magníficos más un" (contacontos).

21:30

Concertos: Neuroband, Superoito, Biribirloke e outros por confirmar.

+ información www.ameixarock.com

■ EXPOSICIÓN

- I Do 1 de xullo ao 9 de setembro
Sala de Exposiciones Rivas Briones
Petografías
(Miscelánea + Fotonatura)
JORGE LEAL

Jorge “Peto” Leal expón as súas “Petografías”, unha serie de instantáneas que amosan a vida cotiá da súa cidade, á que retrata practicamente cada día, pero tamén esa outra Vilagarcía na que apenas repará ninguén: a súa natureza; especies de fauna e flora que moitos van descubrir a través das Petografías, malia que convive con elas todos os días.

- I Do 22 de xullo ao 2 de setembro
Sala de Exposiciones do Auditorio
Escola de Arte do Liceo/Casino

Exposiciones dos traballos dos alumnos e alumnas da Escola de Arte do Liceo-Casino dirixida por Cristina Sierra Villegas.

- I Do 2 ao 24 de agosto
Salón de Plenos da Casa Consistorial
“Ecos de Cortegada”

Exposición sobre a historia da Illa de Cortegada, hoxe pertencente ao Parque Nacional das Illas Atlánticas. Parques Nacionais/Faiado da Memoria.

“PETOGRAFÍAS” · JORGE LEAL

O noso agradecemento a todas as intitucións, empresas, colectivos e persoas particulares que, co seu apoio e colaboración, fixeron posible as festas que todos queremos.

Patrocinan:



Colaboran:



Edita
Concello de Vilagarcía de Arousa
Alcalde
Alberto Varela Paz
Concelleira de Cultura
Sonia Outón Casal

Realiza
Área de Comunicación Social
Imprime
Gráficas Anduriña
Depósito Legal
PO 407-2016

NOTA: Este programa pode ser obxecto de modificacións. Calquera novidade será publicada diariamente nos medios de comunicación locais e na web municipal www.vilagarcia.es



Concello de
**Vilagarcía
de Arousa**

+ INFO www.vilagarcia.es

móvete

polas festas que queremos!

VAI! PROGRAMA MUNICIPAL DE MOBILIDADE



vaibus!

TARXETA DE TRANSPORTE URBANO

Onde?
SOLICITA
A TÚA TARXETA
NO BUS

Canto?
MERCA E RECARGA
A TÚA TARXETA POR
20€

Cando?
VIAXA
ILIMITADAMENTE
30 DÍAS



vaibike!

SERVIZO MUNICIPAL DE TRANSPORTE EN BICICLETA

Onde?
MERCA
A TÚA TARXETA NAS
ESTACIÓNS

Canto?
UN DÍA: 3€
7 DÍAS: 10€
1 MES: 15€
1 ANO: 25€

Cando?
PODES FACER USO
DO SERVIZO
24 H/DÍA
365 DÍAS/ANO

+ INFO CONCELLO DE VILAGARCÍA | EMPRESA PEREIRA
www.vilagarcia.es | 986 501 027

+ INFO SERVIZO MUNICIPAL
www.vaibike.gal

LEMBRA: ATA O 31 DE AGOSTO, O HORARIO DO BUS URBANO ENTRE CARRIL E VILAXOÁN CHEGA Á 01.00 H DA MAÑÁ.
OS DÍAS 12/13/19/20 AMPLÍASE ATA AS 03.00 H.